

novas CTNL



Asemblea xeral

O pasado día 26 de febreiro tivo lugar a asemblea xeral ordinaria anual da *Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua*. Comezou ás 11.25 horas da mañá e asistiron 17 persoas. Sen comentarios.

No primeiro punto da orde do día, o presidente fixo un relato das actividades e actos nos que participou a entidade durante 1999: cursos de animación sociocultural e lingua, márketing lingüístico, métodos de negociación e mediación social, colaboración nos III Encontros para a normalización lingüística (co APNL-outubro) e no curso de iniciación á terminoloxía (co Termigal-décembro), etc...

Tamén se aprobaron as contas do ano 1999 e informouse da substitución neste ano da persoa encargada das tarefas de tesourería, ocúpase agora Xosé Manuel Otero.

Os principais acordos acadados nesta asemblea ordinaria foron os seguintes:

- Renovación da xunta directiva con novos membros: resultaron elixidos
 - Concepción Cochón Rodríguez (SNL do Concello de Pontevedra)
 - Manuel Bermúdez Blanco (SNL USC)
 - Xosé Ramón López Boullón

Xa que deixaron de pertencer á xunta directiva: Valentina Formoso Gosende (SNL Conf. de Empresarios), Socorro García Conde (SNL Concello de Santiago de Compostela) e Carme Nogueira (O Correo Galego-Coord. SL comarcais), ás que lles agradecemos profundamente a súa colaboración e o tempo e traballo dedicados a esta organización.

- Próximas actividades para o ano 2000:

Na área de formación:

- Cursos:
 - Internet e servizos lingüísticos
 - Axentes de normalización e Admons. Pública
 - Avaliación de programas
- Xornadas de debate e intercambio de
- Colaboración coa EGAP en curso linguaxe administrativa

Colaboración ou participación en:

- Posta en marcha da páxina web.
- Participación na Comisión sobre organización dos SNL do Concello da Cultura.
- Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
- Publicación do material de cursos anteriores.
- Solicitude de subvención á DXPL para actividades do ano

Creouse un novo servizo de normalización lingüística no Concello de Pontevedra.

Desde o pasado mes de decembro o Concello de Pontevedra xa conta cun **servizo de normalización lingüística**.

Nestes primeiros meses está a desenvolver a tradución e a corrección de textos e documentos do propio concello, tanto de carácter interno como impresos dirixidos aos/ás cidadáns/ás de Pontevedra (bandos municipais, solicitudes para instancias, ordenanzas, bases de concursos...)

Ao abeiro do *Ano Castelao*, o SNL tamén está a coordinar actividades de dinamización lingüística organizadas pola Concellería de Cultura e dirixidas a centros de ensino (e non só pertencentes ao Concello de Pontevedra): teatro, cine, exposicións, conferencias, e un interesante *Roteiro Castelao* que todos/as estades invitados/as a percorrer.

Para calquera consulta podeades poñervos en contacto con Conchi Cochón, no teléfono 986-850-943; entre as 9 da mañá e a 1 da tarde. O enderezo é:

S.N.L. do Concello de Pontevedra
Chalé de Fontoira
Praza do Campo do Boi s/n
36071-Pontevedra

sumario

Pax. 2 Libros

Centro de Estudos Galegos de París

III Xornadas de Língua e Literatura. Gabinete Lingüístico da Deputación de Pontevedra

Páx. 3 O SNL do Concello do Rosal

Normalización no Ensino

Axudas á galeguización

Pax. 4 Curso de Axentes normalizadores e administracións públicas

Seminario de normalización lingüística para persoal dos servizos

Curso Técnicas de negociación e mediación social

O SNL do Concello de Carral

Diccionario de uso para a comunicación. Xerais, 2000

Paulino Novo Filgueira



Esta nova achega en forma de "diccionario", vén ser un instrumento máis de consulta que pretende mellora-la calidade do noso idioma, tan afectado e tan mal empregado en xeral e máis nos medios de comunicación,

que son unha referencia e un modelo para toda a sociedade. Os comunicadores que teñen como ferramenta de traballo o idioma producen sistematicamente vicios, erros, que se van encadeando en elos dunha cadea a que lle chamamos hábito lingüístico e os malos hábitos son difíciles de os corraxir e son o resultado de varias circunstancias:

- O descoñecemento do idioma de uso habitual —neste caso que incide sobre da linguaxe xornalística.
- A premura da información oral e espontánea que non repara nas correccións e nas advertencias reiteradas, constantes e cotiás.
- Noutras razóns coma o mimetismo u a imitación ou a absorbcencia que non imos analizar neste espacio.

Dun xeito xeral salientar que este diccionario selectivo ofrece:

- unha lista de dúbidas, erros e confusións frecuentes.
- un glosario final que axuda a localiza-la voz axeitada.
- unha organización por campos nocionais.

Direitos Lingüísticos e Control Político. Laiovento, 2000

María Pilar García Negro

Os traballos que conforman este volume, editado por Laiovento, son o produto inequívoco do estudo, da análise, da reflexión e, sobre todo, do radical compromiso co máximo patrimonio que temos como nación: o idioma. De aí que a profesora García Negro veña, dende hai tempo, defendendo en diversos foros e ámbitos (Aulas, Congresos, Parlamento de Galiza) a dignidade do noso idioma e da nosa cultura.



Diccionario Latín-Galego. Galaxia, 1999

José Carracedo Fraga



Esta obra lexicográfica é un proxecto do SNL da Universidade de Santiago de Compostela dirixido polo doutor José Carracedo Fraga, profesor de latín desta mesma universidade.


Entre os obxectivos da publicación está o de facilitar

a comunicación entre o galego e a súa lingua nai, así como o de fornecer con novas ferramentas o labor dos lexicógrafos; mais sen dúbida, o mérito fundamental do diccionario latín-galego é abri-la porta dun campo aínda non abordado por ninguén, pois esta é a primeira obra lexicográfica de apoio ós docentes que xa desde hai moito tempo traballan por ofrecer as súas clases de latín en galego.

Aínda que o diccionario se inscriba nas múltiples actividades que o SNL realiza a prol da normalización do uso do idioma entre os diversos sectores da USC, a edición a cargo de Galaxia permitirá a difusión deste traballo tamén ó ámbito do ensino medio.

Diccionario Elemental Inglés-Galego Galego-Inglés. Galaxia, 1999

Benigno Fernández Salgado



Dentro da profusión de dictionarios, aparece tamén esta proposta, primeira na nosa lingua igual ca no caso do diccionario latín-galego. Co obxectivo de ofrecernos un diccionario bilingüe elemental,

Benigno Fernández Salgado elixe 3000 entradas en galego e 3000 en inglés para ofertarnos unha obra básica destinada esencialmente a estudantes de secundaria

Este diccionario, a elaboración do cal vén fraguándose desde 1990, permite o achegamento, quizais demasiado básico para o ano 2000, á lingua hexemónica nas relacións comerciais, no divertimento e noutras áreas especialmente vinculadas á mocidade. Se ben son de felicitar tódolos proxectos que abran un espacio á presenza do noso idioma, a súa aparición fainos tamén reflexionar sobre as carencias que aínda sufrimos nese sentido.

Diccionario da Lingua Galega. Edicións do Cumio, 1999

Diccionario xeral elaborado por un equipo de especialistas para esta editorial con motivo do seu décimo aniversario.

Conta con 44.000 entradas das que os seus autores resaltan o coidado na expresión non sexista e o labor de adaptación de estranxeirismos e tecnolectos.

A esta mellora cuantitativa e cualitativa con respecto ós dictionarios anteriores, debemos unir-lle a novidade máis relevante e tamén práctica, unha edición en CD-Rom. Véndese xunto coa edición en papel e non esixe recursos especiais para a súa instalación. Ofrece a posibilidade de localizar voces ata por seis sistemas de busca simples diferentes, así como a busca complexa, e permite a impresión das seleccións feitas.

A favor deste diccionario contan o aumento de voces e esta nova opción informática, mais tamén hai que falar dos problemas de velocidade cos que podemos atoparnos nas buscas. Agardamos que se solucione este atranco en próximas edicións.



III Xornadas de Língua e-Literatura. Gabinete Lingüístico da Deputación de Pontevedra

O Gabinete Lingüístico, de pendente do Servicio de Publicacións da Dep de Pontevedra, está organizando as III Xornadas de Língua e Literatura, previstas para os días 9, 10 e 11 de maio cun considerable adianto sobre as datas de realización dos anos anteriores, polo que xa se adiantou o programa:

Martes 9

18.00 h "A lingua galega no Prerrexurdimento". Ramón Mariño Paz

Mércoles 10

18.00 h "O Rexurdimento. Definición, obxectivos, medios e logros". Carme Hermida Gullás

19.00 h "Murguía, ideólogo do galeguismo político". Xusto González Beramendi

Xoves, 11

18.00 h "Literatura política en Castelao". Xesús Alonso Montero.

19.00 h "Castelao e o ensaio artístico". Antón Castro.

Para calquera información podédesvos dirixir ó gabinete en R/ Padre Amoedo, 1 baixo - 36002 Pontevedra, ou Tlf/Fax: 986-

GALGO: Corrector de galego para Windows

Este corrector ortográfico, distribuído pola Dirección Xeral de Política, foi deseñado por Imaxin para traballar en Windows 98 e NT e para os procesadores de textos Word 2000 e WordPerfect 8.

O GALGO identifica os erros dun texto e suxire posibles correccións, o cal é unha vantaxe para moitos usuarios porque incorpora unha lista de erros comúns do galego. Esta técnica necesita que haxa un corpus léxico almacenado no ordenador que, neste caso, baséase no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega elaborado polo ILG. O corrector incorpora nomes propios, tecnicismos e neoloxismos pero aínda lle falta moito para que non salten faltas alarmas que nós mesmos podemos solucionar incorporando palabras ó listado do GALGO.

Podemos dicir sen medo a equivocarnos que o GALGO é o mellor corrector de galego feito ata actualidade, para afirmar isto apoiámonos en tres cualidades:



- nivel de integración cos procesadores de texto, xa que podemos activalo desde propio programa.
- facilidade de uso, porque permite usar tódalas opcións do programa desde un mesmo cadro de diálogo.
- Fiabilidade lingüística, xa que é o máis completo dos correctores actuais.

Centro de Estudios Galegos de París

O Centro de Estudios Galegos de París, acaba de poñer na rede un sitio web no que toda a francofonía pode achegarse ó galego dende calquera parte do mundo. A páxina, inclúe un curso de lingua e literatura, exercicios de tradución, novas, fotos, ligazóns a outros sitios web de interese, etc. O enderezo é www.chez.com/cega



O servizo de normalización lingüística do Concello do Rosal

MARÍA DOS ANXOS SOBRINO PÉREZ

O Concello do Rosal, na parte sudoeste da provincia de Pontevedra, é un municipio principalmente rural duns 6-000 habitantes. Aínda que non hai ningunha enquisa realizada, non é moi complicado observar que a maioría dos rosaleiros son galegofalantes habituais, aínda que o uso do castelán está máis introducido nas capas novas.

O Servizo de Normalización Lingüística creouse a mediados de novembro do 1997, grazas a unha subvención concedida pola Consellería de Xustiza e Relacións Laborais, e estivo en activo ata o 31 de decembro. Durante os dous anos seguintes tamén funcionou nestes mesmos meses e con similar axuda económica.

Actividades desenvolvidas

O servizo foi sempre unipersoal e realizou principalmente funcións de tradución, corrección e asesoramento lingüístico, pero intentáronse introducir pouco a pouco pequenas campañas dinamizadoras.

Traducción, corrección e asesoramento

Durante o primeiro período (ano 97), este foi o único ámbito desenvolvido. Fíxéronse traducións e correccións moi variadas: actas, bandos, modelos de documentos e mesmo folletos turísticos do concello e da bisbarra do Baixo Miño.

Nos dous anos seguintes, esta actividade seguiu a se-la máis importante. Continuamos a traducir e/ou corrixi-las actas e documentos administrativos e realizáronse documentos novos, como regulamentos internos, expedientes de obras e os modelos de documentación do Xulgado de Paz.

Un traballo que ocupou boa parte dos tres anos foi a tradución e corrección dun libro de Xoán Martínez Tamuxe, sobre "Cruceiros, cruces e almiñas do Rosal", encargado polo concello a este investigador e que na actualidade está no prelo.

Campañas de dinamización lingüística

As campañas que se realizaron foron sempre curtas e precarias a causa da falta de tempo (dous meses escasos) e de orzamento. Dentro das nosas posibilidades, procuramos ofrecer soportes atractivos e que chamasen a atención, o que non sempre foi doado.

1.ª Campaña para a tradución do nome ó galego (1998). Consistiu na distribución polos locais públicos do concello dun cartel A3 fotocopiado, co seguinte texto: "¿COMO TE CHAMAS? ¿MARINA OU MARIÑA? ¿MARTÍN OU MARTIÑO? Podes chamarte *en galego con todo o dereito*". Escolléronse estes nomes porque novembro é o mes do San Martiño, que ten unha romaría importante no Rosal, e Mariña é a única patrona feminina das catro parroquias rosaleiras. O cartel ía acompañado por outro máis pequeno (A4) onde se explicaba cómo é o proceso de tradución do nome. A campaña ía dirixida á xente nova, que é máis receptiva a este tipo de cambios. A duración da campaña foi de pouco máis dun mes e houbo tres persoas que traduciron o seu nome: Helena, Olalla e Xavier.

2.ª Campaña de información sobre subvencións para empresas que realicen actividades a prol da lingua galega (1998). Consistiu nun cartel A3 co slogan: "VENDER EN GALEGO TEN PESO". O resto do texto do cartel informaba da posibilidade de solicitar subvencións e animaba a pedir información no noso servizo. A campaña durou unhas tres semanas e viñeron dúas empresas informarse. Sen embargo, as datas de solicitude desta

subvención son posteriores ó 31 de decembro e tiñan que estar os propios empresarios atentos á convocatoria oficial e a face-la solicitude no prazo establecido. Esta campaña veu precedida por outra máis breve, que consistiu en enviarlles ós restaurantes e bares unha circular para ofrecerlles a posibilidade de que o servizo lles traducise os menús ó galego. Ningún establecemento se interesou por este feito.

3.ª Dúas campañas xerais a prol do uso do galego (unha en 1998 e outra en 1999). Consistiron de novo en carteis A3 —sempre fotocopiados— cos seguintes textos acompañados de debuxos alusivos:

O GALEGO É ÚTIL...

para falar coa nosa xente, para comunicarnos cos veciños, para dirixirnos ós que mandan, para **relacionarnos con todo o mundo** e aprender moitas cousas coa lingua...

GALEGO

Nós témo-los medios para aumentar e mellora-lo noso idioma: ¡USÉMOLO!
A tódalas horas en tódolos lugares e con tódalas persoas, falemos e escribamos EN GALEGO.

A valoración destas breves campañas é inviábel, pois non hai un estudo sobre o uso do galego anterior e posterior. Sen embargo, parécenos interesante realízalas porque se lle dá publicidade ó Servizo de Normalización (a do ano 99 ía acompañada dun díptico sobre as tarefas do servizo) e favorecen as actitudes positivas —non tanto os hábitos, que precisan de algo máis ca un carteliño para mudar—.

4.ª Campaña de redacción da carta ós Reis Magos en galego (1999). Sen dúbida, esta foi a campaña máis importante das realizadas porque implicou a moitas persoas e permitiu unha valoración posterior. Para ela contamos coa importante axuda dos mestres e mestras das "escolas unitarias" do concello, que colaboraron e tiveron unha actitude moi positiva ante a campaña. Consistiu na elaboración dun modelo de carta e sobre para os Reis Magos e estaba dirixida ós escolares máis novos, de entre 3 e 7 anos. A campaña desenvolveuse na propia aula nas datas previas ás vacacións do Nadal, como unha actividade máis que lles presentaba o mestre ou a mestra. Completábase cunha breve enquisa, que debían cubri-la docentes, sobre os usos lingüísticos habituais dos seus alumnos e durante esta actividade. Con estes datos fíxose un breve estudo sobre o uso do galego nestas marxes de idade. As conclusións foron satisfactorias abondo, agás en dúas escolas onde o uso do galego é moi pequeno ou case nulo, que contrastan con outras nas que chega ó 90% habitualmente e ó 100% durante a actividade.

Ademais destas campañas, fíxose unha proposta para corrixi-los nomes das rúas do concello e para a recuperación da toponimia autóctona; e tamén se redactou un posible regulamento de uso do galego no concello (aínda sen aprobar).

Este foi o traballo que se realizou nos períodos de existencia do SNL do Concello do Rosal. Intentáronse mellorar pouco a pouco as actividades dinamizadoras sen deixar de lado o ámbito da corrección e a tradución, que segue a se-lo que máis tempo ocupa. As características deste servizo non permiten levar a cabo grandes campañas e actividades,

Normalización no ensino

Hai dez anos, como sabedes, foi elaborado, pola falla absoluta dunha planificación lingüística e de raquícos avances no eido do ensino, un documento de actuación concreta que se chamou *Modelo de normalización lingüística para o ensino*.

Despois de dez anos son necesarias novas xuntanzas para a elaboración dun documento base coas cuestións fundamentais para unha nova proposta de Normalización lingüística para o sistema educativo galego no que se tratan, entre outros os seguintes aspectos:

1. A situación actual: que ha deixar claro neste documento cal é o concepto de normalización lingüística do que se parte e que este exhaustivamente tratado en tódalas dimensións que afectan o ensino e que han conducir a dota-lo alumnado de competencia lingüística plena en galego, de actitudes favorables para recu-pera-lo idioma onde perde terreo e adquirir usos lingüísticos a prol da lingua.

Unha situación adquirida polo cativo empeño na vontade política, pola desinformación do marco legal- e por unha resistencia por parte de pais e de ensinantes. O que delata a precariedade do ensino en galego, un ensino sen pautas de actuación claras, sen un control para que se cumpra a normativa legal e no que a responsabilidade se traslada ós centros e a figuras coma a dos Equipos de normalización dos centros dos que a súa operatividade, fora de excepcións, é nímia.

Cómpre revisa-la funcións destes equipos, os axentes que os integran, a dinamización, etc...

2. As etapas educativas: o documento analiza as distintas etapas educativas, desde 0 a 3 anos ata a etapa universitaria e a súa normalización progresiva.

As propostas están orientadas a fixar uns mínimos na etapa infantil que lles permitan ós rapaces mante-la competencia na súa lingua materna e que a escola sexa un reforzo esixente coas estratexias metodolóxicas e cos obxectivos que formulen e tamén coa especialización do profesorado e que atenda os alumnos que poidan ter algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

Axudas á galeguización

Os servizos de normalización adoitan colaborar na difusión das axudas económicas que a Consellería de Educación (DXPL) convoca co fin de estender o uso da lingua en empresas e asociacións, unha vía máis para achegarse a estas entidades e colaborar na súa galeguización. Incluímos aquí a referencia da súa publicación para que todos e todas poidades atopalas doadamente e comentamos tamén algunhas das novidades que introducen.


A convocatoria de axudas a asociacións para fomentar o uso social da lingua galega foi publicada no DOG o 14 de febreiro e permanece aberta ata o 15 de xullo. A contía total das subvencións é de 100 millóns de pesetas que, segundo as bases, se reparten do seguinte xeito:

- elaboración de documentación permanente, 20 millóns;
- actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua, 40 millóns;
- actividades publicitarias, 40 millóns.

A Consellería dedica tamén outros 100 millóns a subvencionar as actividades de empresas privadas de acordo coa convocatoria publicada no DOG o 15 de febreiro, cun prazo de presentación de proxectos ata o 1 de xullo, que establece do mesmo xeito un reparto previo de cantidades segundo os fins:

- confección de documentación permanente, 30 millóns;

MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO



Na primaria afianza-lo galego como lingua do ensino; na ESO xa o ensino desenvolve-riase totalmente en galego.

O galego como lingua vehicular se completará co estudio sistemático do castelán como lingua de relación.: na etapa post-brigatoria coidaranse, segundo o propio borrador, a formación dos profesores e a confección de material didáctico preciso.

Xa na Universidade cos seus paradoxos de galeguización da documentación administrativa e a presenza testemuñal do galego na docencia e caseque ritual, o documento persegue mellorar este panorama e persegue xeneraliza-lo uso do galego como lingua do ensino tamén cun feixe de boas propostas e ben concretas tanto para mello-ra-la competencia de toda a comunidade universitaria coma para o asesoramento e apoio ós labores de docencia e investigación no idioma propio de Galicia.

Finalmente, nestas xuntanzas, son benvidas tódalas iniciativas que se poidan tomar conxuntamente entre tódalas asociacións e colectivos que teñen como reto a normalización para que no ensino sexa unha palpable realidade.

- rotulación permanente, 20 millóns;
- actividades publicitarias e suplementos didácticos, 50 millóns.

Unha das maiores novidades destas convocatorias é a delimitación de contías máximas dentro de cada unha das categorías anteriores en función da incidencia das actuacións, o que apunta a unha maior obxectividade ca en anos anteriores á que se suman orientacións máis precisas sobre as actividades subvencionables.

Tamén cómpre destacar o amplo prazo para presentar as solicitudes que, por unha parte, facilita a difusión das convocatorias entre os sectores interesados pero, pola outra, elimina a concorrencia competitiva da asignación do diñeiro. Isto é, as solicitudes resólvense cando chegan e pode darse o caso de que un proxecto de moito interese se presente ao final do período e que os orzamentos previstos estean xa esgotados, co que pode quedar sen ou con menos asignación ca outros que andaron máis lixeiros.

A maiores da publicación no Diario Oficial, bótase en falta por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística unha maior difusión destas subvencións entre os sectores interesados, especialmente no pequeno e mediano empresario que non sempre está afeito a revisar as publicacións oficiais e probablemente non

Curso Técnicas de negociación e-mediación social

Durante os pasados días 28 e 29 de xaneiro e 5 de febreiro tiña lugar no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo o curso organizado pola CTNL en colaboración co departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela: *Métodos de negociación e mediación social*.

As diferentes sesións foron impartidas polos profesores Marcos A. Lorenzo e Jorge Fente Balsa. Iniciouse o curso tentando establecer unha definición de negociación, cómo está presente no desenvolvemento cotián do traballo, a familia, etc... Constituindo así un aspecto fundamental dos procesos dirixidos a intervir ou promover determinados cambios sociais, ou o que é o mesmo, un aspecto fundamental da dinamización social.

Ademais faláronnos da natureza social dos procesos de negociación e dinamización. A negociación competitiva e a negociación cooperativa. Tamén dos procesos de intervención dinamizadora nunha organización: o labor dos técnicos lingüísticos insertos en diversas organizacións e institucións galegas ten fundamentalmente dúas dimensións: un traballo cara á comunidade e un labor interno de normalización na súa organización.

Na segunda parte Jorge Fente tentou abordar os contextos nos que se desenvolve unha negociación-tipo e os antecedentes desta, considerando que son deseñables en parte: pódense crear espazos e ambientes favorecedores para a negociación..., polo tanto susceptibles de ser obxecto particular de estratexia, en ocasións tanto ou máis determinantes que o momento central do proceso negociador. Dentro da análise da realidade social e da organización, centrouse en desplegar unha tipoloxía de técnicas de investigación social susceptibles de ser aplicadas polos traballadores de normalización lingüística no interior e contornos da organización onde desempeñe os seus labores. Nisto destacou que o primeiro á hora de acometer unha análise, captar e procesar información é preguntarse polas preguntas, aclarar cá é o noso obxectivo analítico, qué queremos saber... Unha vez establecido o obxecto de estudo (ou de coñecemento), haberá que escoller as técnicas a utilizar: técnicas cuantitativas (o fotograma), técnicas cualitativas (o rotor) ou técnicas participativas (o IAP: Investigación-Acción-Participación). Chegados ata aquí, só nos restaría emitir un diagnóstico conxunto que indique o estadio de normalización lingüística da organización...

Seminario de normalización lingüística para persoal dos servizos

O Consello da Cultura Galega está a desenvolver desde 1998 un programa de investigación denominado "Informe sobre política lingüística e normalización en Galicia" que ten como obxectivo global a elaboración dun informe do impacto das distintas iniciativas en materia de lingua (ou con repercusión na lingua) sobre o seu prestixio, coñecemento e uso. Para iso está explorando a adecuación e eficacia dos medios legais, institucionais, humanos, materiais, e económicos, utilizados nesas iniciativas. Actualmente está centrado no estudo da difusión da lingua na Administración pública e nese ámbito preténdese dar conta das actuacións en materia de normalización levadas a cabo dentro das institucións públicas.

Para facilitalo labor, o equipo do Informe convoca un Seminario de Técnicos/as en Normalización Lingüística que terá lugar o 29 de xuño na propia sede do Consello. Os

obxectivos deste seminario son:

- Obter información cuantitativa e cualitativa dos servizos lingüísticos e de normalización de Galicia.
- Establecer unha tipoloxía das unidades encargadas da normalización lingüística e da difusión do idioma no ámbito administrativo.
- Identificar e debater as cuestións de interese para os servizos lingüísticos en tanto que axentes do proceso de normalización lingüística de Galicia.

Este seminario realízase en colaboración coa CTNL, tentando que sirva como punto de encontro entre os profesionais da normalización lingüística e como posta en común do labor dos servizos lingüísticos de Galicia. A vosa participación é importante para o afondamento sobre a xestión lingüística na nosa Administración.

O SNL do Concello de Carral

Por segundo ano consecutivo o SNL "retomou" o seu traballo (entre contratos houbo unha marxe de oito meses e medio nos que non se emitiron documentos en galego).

O contrato da licenciada dependeu dunha subvención da Consellería de Xustiza. Este ano, ó igual có anterior, repartíuse en tres meses e medio. No momento no que se rematou a dita cantidade rematou o traballo da persoa contratada.

O lugar que ocupa no "organigrama da empresa" non está definido, compartía despacho coa monitora da 3ª idade e senón ocupaba un despacho que estivese baleiro.

O traballo desenvolto ata a data foi de tradución, busca de material e elaboración de estatutos sobre o uso do galego (aínda sen aprobar). O labor foi só interno e non se enfocou cara ó exterior.

Axentes normalizadores e administracións públicas

Os elementos activos que inciden no proceso de normalización son tres:

- a *acción institucional*, a través dunha política lingüística que incida, en boa medida, nos ámbitos sociais e no de favorecer os procesos de normalización lingüística colectivos e individuais;
- a *acción colectiva*, grupos organizados que pulan por ese proceso normalizador;
- a *acción individual*, motivación, actitude necesaria para facer un mesmo algo polo seu idioma.

Apreciamos nas sociedades que a acción colectiva (organizada), sobre a que vai dirixida a nosa acción formativa e dinamizadora, é un instrumento eficaz para conseguir os obxectivos sociais dunha determinada política.

As Administracións Públicas deben ter en conta esta perspectiva para que a súa actividade sexa máis eficiente e eficaz na implementación da política que perseguen. Por isto, consideramos que dotar a estes colectivos dunha mellor comprensión do funcionamento das organizacións públicas axudaría-lles a desenvolver mellor o seu traballo e a facer plausíbel a dinámica normalizadora.

Así, temos que estes colectivos, responsábeis en última instancia, son os protagonistas das accións formativas e dinamizadoras ás que nos diriximos para facilitar-lles mecanismos a través dos cais poidan situar-se nunha mellor posición á hora de realizaren a acción normalizadora.

Por un lado, queremos formar aos colectivos, para que sexan capaces de ver e de comprender o funcionamento das Admons. Públicas e conseqüentemente, así, aproveitar, ao máximo os recursos dos que dispón esa política. Isto é, ver claramente os diversos niveis administrativos da política de normalización

para desenvolver potencialmente as distintas posibilidades de actuación.

Por outro lado, o labor do Departamento de Normalización Lingüística atravesará os distintos organismos dunha mesma institución. Quereamos transmitir destrezas e instrumentos organizativos que faciliten o traballo no seu ámbito de actuación (Concello, Universidade...) e, a súa vez, como se pode incidir mellor na sociedade para que a política normalizadora sexa capaz de dinamizar ao cidadán.

PROGRAMA (20h.)

- O contexto socio-político. A transformación do Estado Contemporáneo e o papel das Administracións Públicas.
 - Sistema político e demandas sociais: institucionalización e organización administrativa.
 - Da Administración Pública á Xestión Pública. A crise do Estado de Benestar.
 - A función xerencial e administrativa das Administracións Públicas e seus os servizos de normalización.

II

A lóxica de funcionamento da Administración

- A organización pública e a privada: conceptos, diferencias e ámbitos de actuación dos SLN.
- Lexislación e actividade administrativa: pautas de funcionamento.
- A estrutura e a organización administrativa: ubicación dos SNL

III Elaboración de políticas públicas e rendibilidade social. As políticas lingüísticas.

- A identificación de problemas e os recursos dispoñíbeis.
- A toma de decisión e o xogo de intereses.
- A implementación da política pública.

IV Novas expresións e relacións da Administración pública: procedimentalización e participación cidadá

- Análise de redes sociais: o papel dos SNL.
- Relacións entre as distintas admóns. e, a súa vez, coa sociedade.
- Medidas dinamizadoras: como facer chegar as propostas.

Datos e horarios:

Venres, 9 de xuño de 17 a 21 h.
Sábado, 10 de xuño de 10 a 14 e de 16 a 20h.
Sábado, 17 de xuño de 10 a 14 e de 16 a 20 h.

Lugar: Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo. Santiago de Compostela.

Número de prazas: 40

Prazo inscrición: Ata o mércores 7 de xuño.

Matrícula:

3.000 pts para socios e socias.
6.000 pts para non socios estudantes ou parados.
10.000 pts para non socios en activo.

Inscrición: Enviar o boletín de inscrición debidamente cuberto xunto co xustificante de ter ingresado a matrícula na conta de Caixa Galicia número 2091-0377-74-3040004060 (cómpre indicar no ingreso o voso nome e "curso de axentes normalizadores") e o comprobante da condición de parado ou estudante a: CTNL, Apartado 771. Santiago de Compostela

Información: No Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Estrada (986 570 165)

Curso de axentes normalizadores e administracións públicas

Folla de inscrición

NOME APELIDOS
DNI ENDEREZO
C.P. POBOACIÓN
TELÉFONO E-MAIL

¿Traballas ou traballaches nalgún servizo lingüístico? SI NON ¿En cal?
¿Asistiches a algún curso organizado pola CTNL? SI NON ¿A cal/cales?

MODALIDADE DE MATRÍCULA SOCIO/A (3.000 pesetas)

NON SOCIO: ESTUDIANTE OU PARADO (6.000 pesetas)
 ACTIVO (10.000 pesetas)